

Tema 5.

A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869


En 1868 a revolución, coñecida como a Gloriosa ou Setembrina e protagonizada por todas as forzas opositoras a Sabela II, expulsou os Borbóns do trono de España e abriu a posibilidade de configurar un novo sistema político baseado nos principios do liberalismo democrático e nos intereses das clases medias.

Nun contexto de malestar social crecente, provocado polas malas colleitas, as dificultades económicas da industria e das finanzas, e o descontento da maioría da clase política polas actuacións da raíña, uníronse todos os grupos políticos baixo o lema *Abaixo os Borbóns! e España con honra!* O obxectivo era establecer un goberno provisional que asumise os principios do liberalismo democrático e que convocase eleccións por sufraxio universal masculino para constituír unhas novas Cortes, que debían decidir o modelo de Estado (monarquía ou república) e facer unha nova Constitución.

A Revolución Gloriosa

Iniciouse en setembro de 1868 en Cádiz cun pronunciamento das tropas da mariña asinado, entre outros, por militares de prestixio como Serrano, Prim e Topete.

Pouco despois, os sublevados venceron as tropas leais á raíña na batalla de Alcolea (Córdoba). Ao mesmo tempo, estimuladas polos progresistas, demócratas e republicanos, xurdiron numerosas xuntas revolucionarias nas cidades que, xunto ás reclamacións democráticas do sufraxio universal e da liberdade de prensa, ensino e asociación, esixían reivindicacións de tipo social como a abolición dos consumos e a supresión do sistema de quintas.



Goberno provisional de 1869

O triunfo revolucionario obrigou a Sabela II a abandonar España cara ao exilio en París, formándose un Goberno provisional presidido por Serrano; estaba composto por unionistas e progresistas e contaba co apoio dos demócratas. Este Goberno asumiu os principios defendidos polas xuntas e puxo en marcha numerosas reformas tanto políticas (recoñecemento das liberdades democráticas) como económicas (entre elas a creación da peseta) e convocou Cortes constituíntes elixidas por

sufraxio universal. As eleccións deron un amplo triunfo aos partidarios da monarquía; España sería, xa que logo, unha monarquía democrática.

A Constitución de 1869


Estaba inspirada nos principios do liberalismo democrático e establecía:

- A soberanía nacional, entendida como popular: a nación representada en Cortes elixidas por sufraxio universal masculino.
- A monarquía como forma de goberno. • Clara separación de poderes.
- O rei exercía o poder executivo a través dos seus ministros, que eran responsables ante as Cortes; sancionaba e promulgaba as leis sen capacidade de vetalas e tiña a potestade de suspender e disolver as Cortes, pero unha soa vez por lexislatura.
- Cortes bicamerais formadas polo Congreso e o Senado, con iguais atribucións, elixidos polo sufraxio universal masculino (directo no caso do Congreso e indirecto, a través de compromisarios, para o Senado); asumían en exclusiva o poder lexislativo, controlaban as accións do goberno e aprobaban os orzamentos.
- O poder xudicial estaba en mans dos tribunais formados por xuíces, nomeados a través dun sistema de oposicións, e xurados con participación popular. • Dereitos e liberdades recollidos de forma explícita e ampla. Tamén se recollía por primeira vez o dereito de asociación e de reunión. • Liberdade de cultos, eliminando a confesionalidade do Estado.

Despois de promulgada a Constitución, Serrano foi nomeado rexente provisional mentres se buscaba un novo rei para España; tiña que ser católico, liberal e contar coa aprobación das potencias europeas. O candidato escollido, co apoio de Prim, foi Amadeo de Savoia, fillo do rei de Italia Vítor Manuel II, aínda que cunha forte oposición (191 votos a favor dos 344 deputados que formaban as Cortes).

A monarquía democrática de Amadeo I. 1871-1873

Amadeo de Savoia aceptou a Coroa e xurou a Constitución o 2 de xaneiro de 1871. De formación esencialmente militar, de escaso carisma persoal e descoñecedor do español (non capisco niente), Amadeo tivo escasos apoios en España. Non o querían nin a aristocracia (que o vía como un estranxeiro intruso), nin a Igrexa (por admitir a liberdade de cultos), nin o pobo en xeral, que inventou numerosos alcumes (Don



Amadeo I

Macarrone I, por italiano; Don Melone I, polas escasas dotes para aprender o castelán) e contou co rexeitamento sistemático, por motivos diferentes, de carlistas, afonsinos (partidarios do fillo de Sabela II, Afonso) e republicanos.

A morte do xeneral Prim, asasinado nun atentado poucos días antes de chegar a España, deixou sen o seu principal valedor. A inestabilidade política foi o trazo máis característico do seu reinado no que tivo que facer fronte a numerosos problemas:

- Dificultades de goberno pola ruptura da coalición governamental (formada por unionistas, progresistas e demócratas) e as tensións entre os líderes (Serrano, Sagasta e Ruiz Zorrilla). O monarca estivo no medio destas disputas sen querer tomar partido nelas, polo que quedou completamente só e illado, nun continuado bloqueo parlamentario agudizado polas diferenzas entre os distintos grupos políticos.

- O desenvolvemento da guerra de Cuba, iniciada en 1868. As tímidas reformas adoptadas non solucionaron o conflito e a guerra agravouse, continuando durante dez anos.

- A Terceira Guerra Carlista, iniciada en abril de 1872, e que tivo un amplo apoio popular nas provincias vascas e Navarra e menor en Cataluña. Os carlistas ocuparon a case totalidade do territorio vasco e navarro coa excepción das capitais, e estableceron unha sólida administración que lles permitiu resistir ata a súa derrota definitiva en 1876.

- A oposición republicana, que tentou por todos os medios dividir os partidos monárquicos, facer imposible o reinado de Amadeo e conseguir o apoio popular necesario para proclamar a República.

Ante todas estas dificultades, e sen poder formar un goberno forte para canalizar as distintas cuestións ás que tiña que facer fronte, o 2 de febreiro de 1873 Amadeo comunicou a súa decisión de renunciar á Coroa. Tras a renuncia de Amadeo, o Congreso e o Senado, reunidos conxuntamente, formaron unha Asemblea Nacional que, ante a falta de alternativas e a pesar de ser maioritariamente monárquicas, proclamaron a República o 11 de febreiro de 1873. A Monarquía en España parecía definitivamente morta, segundo expresaba Emilio Castelar: Con Fernando VII morreu a monarquía tradicional; coa fuga de Sabela II, a monarquía constitucional e coa renuncia de Amadeo a monarquía democrática. Ninguén, ninguén acabou con ela. Morreu por si mesma.

Imaxes : WikiCommons (Dominio Público)